

V EDICIÓN MEI Day

Conferencias sobre: *“O papel e os retos da Enxeñería Industrial a través de proxectos e experiencias de egresados/as da EEI”*

Escola de Enxeñería Industrial – Salón de Actos da Sede Campus

Universidade de Vigo

Un pouco de historia sobre o evento

A idea dos encontros MEI Day (siglas do Día do Mestrado en Enxeñería Industrial) ten a súa orixe na iniciativa dun grupo de alumnos da 3ª promoción do Mestrado en Enxeñería Industrial, mestrado habilitante para o exercicio da Enxeñería Industrial. Actualmente, no curso 2023-2024, xa estamos na 9ª promoción desta titulación e queremos poñela en valor e darlle a visibilidade pola importancia que ten no desenvolvemento da Sociedade.

Esta idea de realizar unha xornada ou un encontro de egresados/as e estudantes de enxeñería industrial propónse tras iniciarse con esa 3ª promoción a experiencia dun programa de mentorización dirixido aos alumnos de 2º curso das titulacións de grao.

Como consecuencia dos resultados deste programa de mentorización, tras a boa acollida por todas as partes (mentores e mentees), trasladouse á dirección da Escola a importancia de manter os lazos establecidos coas persoas que estudaron na EEI e crear un foro onde poder intercambiar e compartir a súas experiencias entre o alumnado da Escola e aproveitar este intercambio para enriquecedor a súa formación no seu paso pola Escola Enxeñería Industrial da UVIGO.

Esa idea inicial foi moi ben acollida pola dirección e buscouse unha fórmula que puidese encaixar co espírito da mesma. Por iso, desde a Escola de Enxeñería Industrial organizouse un primeiro evento cunha xornada de carácter formativo, á vez que social, que **puxese en valor a profesión da Enxeñería Industrial**. Na parte formativa, a idea é ofrecer cada ano relatorios de interese xeral, independentemente do sector ou tipo de empresa na que cada persoa desenvolva a súa actividade. En definitiva, desde a Escola **queremos ofrecerlles mostras da importancia desta profesión e das oportunidades que existen a través de persoas vinculadas a esta e cunha importante traxectoria**.

Ademais desta faceta, tamén se pretende aproveitar este foro para que poida establecerse un intercambio de experiencias entre todos os asistentes e tamén facerlles chegar a aquelas persoas que están a realizar os estudos, aspectos que puidesen ser de interese para o seu desenvolvemento profesional futuro. Froito desta iniciativa, **o primeiro ano da súa celebración, curso 2018-19, contamos con egresados/as enxeñeiros/as industriais que emprenderon proxectos empresariais** e que, actualmente, dirixen ou forman parte de empresas industriais altamente competitivas nos seus respectivos sectores. Na primeira edición contou coa participación de empresas como Beta Implants e Lupeon, empresas

que se puxeron en marcha por egresados/as que se formaron na Escola de Enxeñaría Industrial.

Na segunda edición, celebrada no curso 2019-20, **centrouse a atención nas características do perfil profesional para a innovación**, contando coa participación de D. Eduardo Carrillo de Albornoz- Braojos, Director de estratexia e desenvolvemento de negocio de Boeing Research & Technology- Europe. Nesta segunda edición contou coa asistencia de preto dun centenar de egresados/as e alumnado do MEI (tamén algunha persoa de grao con interese en realizar estudos do mestrado en Enxeñaría Industrial).

Na edición do ano 2020, a consecuencia da situación sanitaria, o desenvolvemento da xornada foi de xeito virtual co desenvolvemento dun Webinar baixo o título de: *“Retos e Oportunidades dos Sectores Crave do noso Ecosistema Industrial na Era Dixital”*

A pesar das importantes limitacións, o tema da xornada xerou un gran interese ao tratar aspectos de gran transcendencia para afrontar con éxito os importantes desafíos da enxeñaría industrial. No webinar abordáronse os “Retos e Oportunidades dos Sectores Clave do noso Ecosistema Industrial na Era Dixital”. Do mesmo xeito que en edicións anteriores, o webinar contou coa participación de profesionais do ámbito industrial que actualmente están a abordar esta realidade de cambio en sectores tales como: Automoción, Enerxía, Naval, Servizos, ... Os participantes deste webinar foron: D. Francisco Silva Castaño. Delegado en Galicia de Iberdrola, D. Luis Manuel Lozano Lozano. Delegado de Compras Polo Ibérico Vigo-Madrid-Mangualde. PSA Groupe, D. Santiago Martín García. Director de Astilleros Armón Vigo e Dona María Luisa Varela Iglesias, Smart Analytics Center Project Manager en E-voluciona, Estrategias de Transformación (Grupo Unísono).

No ano 2022 desenvolveuse a IV edición cunha mesa redonda que contou coa participación de tres egresados/as da EEI (**Óscar Barro Guizán**: Mestrado en Enxeñaría Industrial pola UVigo e responsable de I+D+i de Corus Fegoba, **M^a Carmen López Pérez**: Enxeñeira Industrial pola UVigo e a responsable da Oficina de I+D+i de BALIDEA e **Hugo Belerdas Castro**: Mestrado en Enxeñaría Industrial pola UVigo e responsable de proxectos de I+D+i en Marine Instruments) e con **Lorena Rosende**, CEO e cofundadora de Merasys, compañía de desenvolvemento tecnolóxico.

Nesta mesa redonda tívose ocasión de abordar, a través da traxectoria de profesionais cunha ampla traxectoria, os **retos e os desafíos da Enxeñaría no ámbito da industria e no ámbito da saúde**. Nesta ocasión, tamén se contou coa participación de estudante do Mestrado de Enxeñaría Biomédica, de nova implantación no curso 2022-2023.

Unha nova edición con novidades

Tras o éxito acadado nas edicións anteriores, a EEI considera de grande interese manter esta iniciativa e seguir apostando pola importancia de visualizar e amosar o importante papel da Enxeñaría Industrial no desenvolvemento da Sociedade, e tamén por ser esta un elemento esencial no desenvolvemento e impulso da actividade e o crecemento económico.

Sen dúbida, a capacidade de resolver problemas complexos de moi diversa natureza, así como aportar solucións baixo criterios de eficiencia, viabilidade económica e sostibles, son características consubstanciais aos/ás tituladas en Enxeñería Industrial.

Nesta edición, ademais de poñer en valor o papel da Enxeñería Industrial, tamén queremos resaltar o programa do Mestrado en Enxeñería Industrial da EEI que, de xeito moi brillante, superou o proceso para a renovación do prestixioso selo internacional ABET (Accreditation Board for Engineering and Technology). Este selo pon os estudos do Mestrado en Enxeñería Industrial da EEI ao nivel das principais Escolas de España e supón un recoñecemento á excelencia formativa no ámbito da Enxeñería Industrial.

Nesta edición contaremos coa colaboración do “Ilustre Colegio de Ingenieros Industriales de Galicia” que, con motivo da obtención da renovación do selo ABET no Mestrado en Enxeñería Industrial, outorgará un recoñecemento especial pola consecución deste gran fito.

O programa que se está a preparar para esta nova edición do MEI Day pretende amosar o importante papel dos/das enxeñeiros/as a través da súa experiencia ao longo da súa traxectoria e dos proxectos nos que traballaron e veñen traballando.

Do mesmo xeito que en edicións anteriores, a xornada contará con profesionais/egresados/as que están traballando en proxectos de cambio enmarcados no ámbito industrial.

Na seguinte ligazón pódese atopar toda a información correspondente ao desenvolvemento da xornada do V MEI Day: <https://eei.uvigo.es/gl/v-edicion-mei-day-o-papel-e-os-retos-da-enxeneria-industrial-a-traves-de-proxectos-e-experiencias-de-egresados>

Non deixes pasar esta oportunidade de participar nunha xornada que contará con profesionais/egresados/as que están ocupando importantes postos e liderando proxectos innovadores en empresas da nosa Comunidade.

Rexístrate xa no seguinte formulario: <https://forms.gle/SnbjU16GicoSR7N36>

A xornada está aberta a todos os estudantes da EEI, especialmente aos que están a cursar os últimos cursos de grao ou o Mestrado en Enxeñería Industrial. Tamén é una oportunidade para aquelas persoas, Enxeñeiros/as Industriais, egresadas da EEI.

PROGRAMA DA XORNADA

“O papel e os retos da Enxeñaría Industrial a través de proxectos e experiencias de egresados/as da EEI”

Data: 14 de decembro de 2023 ás 18:00 horas no salón de actos da EEI-Sede Campus.

18:00 a 19:00: Rolda de intervencións dos diversos relatores sobre a temática do encontro.

19:00 a 19:30: Rolda de preguntas.

19:30: Entrega de recoñecementos por parte do ICOIIG

19:45: Aperitivo- Networking entre todos os participantes da xornada.

Relatores:

María Luisa Brandt Sanz: Enxeñeira Industrial Egresada da EEI.



É a directora xeral do Grupo Servicio Móvil. O Grupo Servicio Móvil é un grupo empresarial de orixe galega e con presenza en todo o territorio nacional. O Grupo Servicio Móvil é líder en España en solucións integrais de loxística hospitalaria e en dixitalización de historias clínicas.

Antes foi directora de Consultoría en Galicia para as firmas Artur Andersen e Deloitte, Directora-Xerente da empresa pública Galaria, dependente do Servizo Galego de Saúde e Xerente do Hospital Povisa de Vigo.

Santiago García Seoane: Enxeñeiro Industrial Egresado da EEI.



Iniciouse en Renfe ocupando postos como técnico de motores, Xefe de bases de mantemento; e como responsable na xerente de Renfe Fabricación e Mantemento dende 2018, primeiro da zona Centro-Sur e actualmente, da zona Norte.

Actualmente: Xerente de Mantemento OSP Norte en RENFE Fabricación e Mantemento. Profesor Asociado da Escola de Enxeñaría Aeroespacial e do Espazo na Universidade de Vigo.

Olaya Cea Fontela: Egresada do Mestrado en Enxeñaría Industrial da EEI.



Tras cursar o Grao en Enxeñaría de Organización Industrial e realizar o Mestrado en Enxeñaría Industrial en Vigo, realizou as prácticas e o Traballo Fin de Mestrado na empresa Carrocera Castrosua, S.A., que se dedica á fabricación de carrocerías de autobuses.

Comezou no desenvolvemento dun configurador de produto, aprendendo na oficina técnica como se fabricaban as carrozarías, pasando á parte de homologacións dos vehículos e o cálculo de pesos no mesmo e, case 7 anos despois, é a Responsable de Enxeñaría dirixindo tanto a oficina técnica, como homologacións e I+D+i cos novos proxectos e desenvolvementos.



Joaquín José Sierra Andrés: Enxeñeiro Industrial Egresado da EEI.

Tamén cursou estudos de MBA Executive IESIDE, desenvolvendo a primeira parte da súa carreira profesional nos sectores da automoción e no farmacéutico.

Actualmente é responsable da área de Mobilidade con Hidróxeno no Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).



Natalia Vidal Gómez: Egresada do Mestrado en Enxeñaría Industrial da EEI.

Enxeñeira Industrial pola Universidade de Vigo e egresada do Mestrado en Enxeñaría Industrial da EEI (promoción 2022).

Actualmente traballa coma Enxeñeira Especialista en Redes de Electricidade en UFD Facultativa de Obra de Distribución Eléctrica.